

RESOLUCIÓN do 21 de febreiro de 2024 pola que se aproba e faise pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso para cubrir, pola quenda de acceso libre, dunha praza de persoal empregado investigador da categoría de Técnico/a Especialista de Investigación, no marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal.

Mediante a Resolución reitoral do 2 de outubro de 2023 (DOG do 11 de outubro de 2023 e BOE do 24 de novembro de 2023), convócase procedemento selectivo para cubrir, pola quenda de acceso libre, unha praza de persoal empregado investigador da categoría de Técnico/a Especialista de Investigación, no marco de estabilización extraordinaria de emprego temporal, de acordo co establecido na resolución do 29 de xuño de 2023 pola que, en execución da sentenza, complementábase a oferta de emprego público desta universidade e dos seus entes adscritos para o ano 2022

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, foi declarada aprobada e fíxose pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas á citada convocatoria pola quenda de acceso libre,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas á citada convocatoria para a quenda de acceso libre.

Segundo. Indicar que a citada relación definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web: <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-364>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da USC. de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que ditou a resolución. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente sinalado mentras non exista resolución expresa ou presunta do recurso contencioso-administrativo de

reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2024

Antonio López Díaz

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
22/02/2024 21:50:59.

CSV: 6459-01E5-4169-9B61